

**Resolución do 16 de maio de 2021, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para cubrir postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 29 de marzo de 2021 (DOG núm. 65 do 8 de abril), pola que se fai público o listado de persoas declaradas aptas na primeira proba, se publican os resultados acadados na primeira proba e se convoca ás persoas declaradas aptas para a realización das seguintes probas**

En sesión que tivo lugar o 16 de maio de 2021 o Tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para cubrir postos de auxiliares de policía local, convocado por la Orde de 29 de marzo de 2021 (DOG núm. 65 do 8 de abril)

#### ACORDOU

1. Facer pública como Anexo I a esta resolución a listaxe de persoas que superaron a primeira proba do proceso.
2. Facer pública como Anexo II a esta resolución a listaxe cos resultados da primeira proba do proceso. As persoas aspirantes dispoñen dun prazo de dous días para facer as alegacións que consideren oportunas ao resultados da primeira proba.
3. Convocar ás persoas declaradas aptas no Anexo I á realización da segunda e terceira proba do proceso o día 21 de maio de 2021 no Pavillón número 2 do Recinto Feiral de Silleda.

O chamamento para a segunda e terceira proba será único e comezará ás 10 horas. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas provistos de mascarilla regulamentaria, lapis número 2 e goma de borrar e non poderán acceder ao recinto con ningún dispositivo electrónico. A súa simple pertenza dentro do recinto determinará a exclusión da persoa aspirante do proceso.

A segunda proba do proceso consiste en contestar por escrito un cuestionario de 50 preguntas tipo test máis 5 de reserva cuxo contido ven determinado no temario recollido no punto 6.2.C da convocatoria. Esta proba terá unha duración máxima dunha hora. Unha vez que rematen a proba as persoas aspirantes poden entregar o seu exercicio, excepto as persoas que deban realizar a proba de coñecemento da lingua galega. Para iso deben levantar a man e agardar a que un dos membros colaboradores do tribunal recolla o exame e lle indique que pode abandonar o recinto conforme ao Plan de Continxencia establecido para a proba.

A terceira proba de coñecemento da lingua galega consiste na tradución dun texto do castelán para o galego e outro do galego para o castelán e terá unha duración máxima dunha hora. Esta proba terá lugar inmediatamente despois do remate da segunda proba, polo que as persoas que teñan que realizar a terceira proba permanecerán dentro do recinto no lugar asignado ata que remate a terceira proba. Unha vez que rematen a terceira proba poden entregar o seu exercicio. Para iso deben levantar a man e agardar a que un dos membros colaboradores do tribunal recolla o exame e lle indique que pode abandonar o recinto conforme ao Plan de Continxencia establecido para a proba.

O Plan de Continxencia e a distribución das persoas aspirantes nas distintas portas do recinto será publicada na web da Agasp con carácter previo ao desenvolvemento da proba.

4. O cuestionario correspondente á segunda proba e a plantilla de respostas correctas serán publicadas inmediatamente despois da finalización da segunda proba na web da Agasp e abrirase un prazo de dous días naturais (22 e 23 de maio) para que as persoas aspirantes que o consideren fagan as alegacións que estimen oportunas á segunda e terceira proba. Estas alegacións serán remitidas ao enderezo electrónico [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal).

En Pontevedra, 16 de maio de 2021

O Presidente do Tribunal



Ignacio Sáiz Martín